



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Rectificación erro Decreto 16/2019 de data 16/01/2019 Aprobación lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección contratación dun/ha auxiliar administrativo/a interino/a a xornada parcial para o departamento de servizos sociais por concurso oposición

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto que por decreto de alcaldía núm. 16/2019 de data 16/01/2019 foi aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección contratación dun/ha auxiliar administrativo/a interino/a a xornada parcial para o departamento de servizos sociais por concurso oposición.

Considerando que na lista provisional de admitidos houbo un erro ao non incluír unha solicitude presentada en tempo e forma por Xesús Manuel Rios Pena con DNI 76367392D (número rexistro de entrada 20189990000058 de data 27/12/2018).

Tendo en conta o artigo 109 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas que establece no seu apartado Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos en sus actos.

En aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015 así como en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar o erro na lista provisional de admitidos/as e engadir como aspirante admitido a Xesús Manuel Rios Pena con DNI 76367392D para tomar parte no proceso selectivo para a contratación dun/ha auxiliar administrativo/a interino/a a xornada parcial para o departamento de servizos sociais por concurso oposición e formación de bolsa de emprego.

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web aos efectos oportunos.

BOIMORTO, xoves 17 de xaneiro de 2019

A Alcaldesa - Presidenta

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ